



Compostela
Cultura

VIAXES

CICLO DE LIED

Temporada de abono 2021-22

VENRES 25

FEBREIRO 2022

Auditorio de Galicia, 20.30 h

INFINITA TENRURA

Christiane Karg, soprano

Gerold Huber, piano



En colaboración coa Asociación de Amigos
da Ópera de Santiago de Compostela

Sala Mozart

19.15 h

CONvers@ndo con

Luis Gago





PROGRAMA

GUSTAV MAHLER (1860-1911)

I

Lieder und Gesänge

Frühlingsmorgen

Erinnerung

Hans und Grete

Des Knaben Wunderhorn

Ich ging mit Lust durch einen grünen Wald

Nicht wiedersehen

Rückert-Lieder

Blicke mir nicht in die Lieder

Ich atmet' einen linden Duft

Um Mitternacht

Liebst Du um Schönheit

Ich bin der Welt abhanden gekommen

II

Des Knaben Wunderhorn

Rheinlegendchen

Verlorne Müh'

Wer hat dies Liedlein erdacht

Ablösung im Sommer

Wo die schönen Trompeten blasen

Antonius von Padua Fischpredigt

Das Irdisches Leben

Das Himmlisches Leben

Duración aproximada do concerto: 90 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

Christiane Karg

Nada en Feuchtwangen, Baviera, estudou canto no Mozarteum de Salzburgo e no Conservatorio de Verona. En 2009 foi nomeada Nova Intérprete do Ano pola revista Opernwelt. Foi galardeada dúas veces co prestixioso Echo Klassik: en 2010 co seu CD *Verwandlung – Lieder eines Jahres*, acompañada por Burkhard Kehring, e no 2016 polo seu disco de arias de concertos Scene!, con Jonathan Cohen e Arcangelo. O seu último disco, *Parfume*, é unha colección de cancións francesas gravado con David Afkham e a Sinfónica de Bamberg.

Foi membro do International Opera Studio na Ópera do Estado de Hamburgo antes de unirse ao elenco da Ópera de Frankfurt en 2008, onde interpretou a Susanna, Musetta, Pamina, Servilia, Zdenka e o papel principal en *A Calisto*. Volveu a Frankfurt en 2013 para

cantar Mélisande aclamada pola crítica nunha nova produción de Claus Guth de *Pelleas et Mélisande* e en 2015 para interpretar a Sophie (*Der Rosenkavalier*).

En 2006 tivo unha aplaudida estrea no Festival de Salzburgo e volveu cantar Amor (*Orfeo ed Euridice*) con Riccardo Muti e Zerlina (*Don Giovanni*) con Yannick Nézet-Séguin. É invitada habitualmente no Theater an der Wien, onde interpretou Smene (*Mitridate*), Telaire (*Castor et Pollux*) e Heroe en *Beatrice et Benedict*. Na Ópera do Estado de Baviera en Múnic cantou Ighino, Pamina e Blanche en *Dialogues des Carmelites*. Na Ópera Cómica de Berlín personificou a Musetta en *La Bohème* e a Norina (*Don Pasquale*) e na Ópera de Lille foi Anne Trulove (*The Rakes Progress*). Na Ópera Semper de Dresde foi Sophie con Christian Thielemann. En 2015 debutou no

Covent Garden, onde interpretou a Pamina. En 2016 presentouse no Teatro da Scala de Milán co papel de Sophie e realizou a súa estrea estadounidense ao interpretar a Susanna na Ópera de Chicago. Durante a tempada 16/17 volveu a Chicago para cantar Pamina n'*A fruta máxica*.

En concertos traballou con directores como Nikolaus Harnoncourt, Daniel Harding, Yannick Nézet- Séguin, Mariss Jansons e Christian Thielemann.

Os puntos máis destacados da tempada 2021/22 de Christiane inclúen unha xira de arias de Mozart con Leif Ove Andsnes e a Orquestra de Cámara Mahler, a *Sinfonía núm. 9* de Beethoven con Andris Nelsons e a Orquestra da Gewandhaus de Leipzig, a *Shéhérazade* de Ravel con Jonathan Nott e a Orquestra da Suisse Romande, unha xira coa *Sinfonía núm. 4* de Mahler e concertos de *Das Rheingold* de Wagner con Yannick Nézet- Séguin e a Filharmónica

de Rotterdam e cancións seleccionadas de *Das Knaben Wunderhorn* de Mahler con Ivor Bolton e a Sinfónica de Basel. Prodígase en recitais subindo aos escenarios do Wigmore Hall de Londres, Stuttgart, Feuchtwangen e Santiago de Compostela.

Tras o lanzamento do seu aclamado primeiro disco de recital en solitario con Harmonia Mundi, Erinnerung, con lieder de Gustav Mahler en 2020, Christiane lanza o seu segundo disco para o selo, Licht der Welt este outono.

Gerold Huber

Estudou Piano con Friedemann Berger na Musikhochschule de Múnic e asistiu a clases maxistras de lied con Dietrich Fischer-Dieskau en Berlín. En 1998, foi galardoado co Prix International Prol Musicis con Christian Gerhaer. Gerold Huber imparte clases maxistras e, desde 2013, é profesor de acompañamento de lied na Hochschule für Musik en Wurzburg. Tocou en festivais de renome e salas de concertos importantes, como o Konzertverein Viena, o Wigmore Hall de Londres e a Ópera Estatal de Baviera en Múnic, acompañando a Christian Gerhaer, Christina Landshamer, Franz-Josef Selig, Mojca Erdmann, Diana Damrau, Ruth Ziesak, Maximilian Schmitt, Christiane Karg e Rolando Villazón, entre outros. Gerold Huber é o director artístico de Pollinger Tage Alter und Neuer

Musik. Todas as gravacións de Gerold Huber con Christian Gerhaer foron lanzadas polo selo Sony Classical e galardoadas con diversos premios. O álbum Schubert, *Nachtviole* gañou o Premio Gramophone en 2015. Cabe destacar, por último, a gravación de *Die schöne Müllerin* xunto a Gerhaer (Sony), que se publicou en 2018.

O lied como orixe e medio

«Era un home de pequena estatura; a súa extrema irritabilidade acentuábase coa estraña irregularidade do seu paso. O seu rostro, vivaz e estreito, do que irradiaba unha intensa espiritualidade, estaba enmarcado por unha gran barba negra [...] Levaba sempre baixo o brazo un paquete de libros ou de música, e toda conversa con el desenvolvíase a sacudidas»

F. Eckstein sobre Mahler

O lied adquire con Gustav Mahler (1860-1911) -e tamén co seu compañeiro de xuventude Hugo Wolf (1860-1903)- unha dimensión renovada e fresca en pleno cumio do Romanticismo. Constitúe o xénero, xunto coa sinfonía, que acaprou a súa atención compositiva, que adoitaba levarse a cabo nos momentos de descanso estival, entre tempada e tempada de dirección orquestral. De feito, aínda que orixinariamente foran concibidos para voz e piano, teñen tamén a súa versión orquestral ou mesmo as súas melodías están integradas na produción sinfónica.

Mahler nace nunha pequena poboación preto de Iglau, actualmente pertencente á

República Checa. Con apenas catro anos e durante unha estancia na casa do seu avó descubre un piano no soto da vivenda. Ao parecer chamou tanto a atención do neno que trasladaron o instrumento á residencia familiar. Pero pese a formarse entre os conservatorios de Praga e Viena, desbotou a faceta de músico virtuoso. Durante certo tempo levou unha vida bohemia enriquecéndose da oferta cultural vienesa, que o levará a coñecer a destacados músicos e asistir a representacións musicais cruciais para a súa actividade posterior. Tamén a literatura e a filosofía aparecen como unha constante, case coma un refuxio. Diría F. Pfohl que «Mahler era un músico literario». De feito, resulta curioso que, aínda que devoraba autores de primeira orde, se decantase por textos de poetas máis humildes como fonte de inspiración para os seus lieder.

A primeira achega constitúena dous lieder con texto de R. Leander e compostos en torno a 1882. *Frühlingsmorgen* (Mañá de primavera) foi o primeiro lied interpretado publicamente no ano

1886. Trátase dun tema bucólico con alusións ao canto dos paxaros a través dos trinos no piano. Máis vehemente é *Erinnerung* (Recordo), que destaca por unha gran tensión dramática no piano que vai esmorecendo cara ao final da obra. Tamén do compendio de lieder variados, segue *Hans und Grete* (Hans e Grete), con letra do propio Mahler e que incita a danzar en corro. Nesta ocasión estamos ante un lied concibido para ser integrado na inconclusa ópera *Rübezahl*; finalmente integrárase no *scherzo* da *Primeira Sinfonía*.

Tras este comezo, é a quenda de dous lieder pertencentes a *Des Knaben Wunderhorn* (O corno máxico da xuventude), unha antoloxía de Arnim e Brentano á que Mahler se achega durante unha estancia na casa dos Weber, mentres afrontaba o encargo de rematar a ópera cómica de Karl María von Weber, *Die drei Pintos*. Profesionalmente atopábase nunha situación económica óptima e persoalmente nunha relación coa súa anfitroia, Marion, esposa do capitán Karl von Weber, que á súa vez era neto do famoso

compositor. En *Ich ging mit Lust durch einen grünen Wald* (Paseaba alegremente por un verde bosque), escoitaremos un tratamento estático do piano e, de novo, alusións aos paxariños por medio do emprego de suxerintes adornos no piano. Esta obra contrasta coa tristura de *Nicht wiedersehen!* (Non volver a verte máis!) onde o protagonista retorna e, abatido, chora ao coñecer que a súa amada falecera durante a súa ausencia.

Pola súa parte, o ciclo dos cinco lieder con texto de F. Rückert -que desfrutaremos completamente- mergúllase no contexto deste escritor romántico: calma, quietude e intimidade, desbordan neste conxunto de cancións independentes entre si, compostas no verán de 1901. O primeiro deles, *Blicke mir nicht in die Lieder* (Non mires as miñas cancións) deixa patente a denuncia do compositor, como afirmará Alma Mahler, contra aqueles que escudriñaban no seu traballo. *Ich atmet' einen linden Duft* (Aspirei unha doce fragancia) móstrase delicado, discorrendo voz e

piano con gran sutileza; unha atmosfera comfortable que quebra *Un Mitternacht* (A medianoite). Aquí, a desesperación e o medo ó anoitecer pola ameaza da morte, frecuentemente se asocian a un episodio de doenza do compositor. De novo irrompe un ambiente diametralmente oposto con *Liebst du um Schönheit* (Se amas pola beleza). A diferenza das outras catro, esta foi composta en 1902, pouco despois de coñecer á que será a súa dona, cuxo encontro sitúan en outubro de 1901. Alma recoñece que este lied é o primeiro que lle dedica como mostra de amor, ao igual que nos sinala que o derradeiro, *Ich bin der Welt abhanden gekommen* (Estou perdido para o mundo), evocáballe a Mahler un sentimento de fuxida do mundo terreal e de fonda introspección, semellante á dos sepulcros e estatuas de clérigos e cardeais que contemplaran en Italia, en posición queda, coas mans cruzadas e os ollos pechados.

A segunda parte do recital acada unha maior heteroxeneidade se cabe. Está configurada por sete

das quince cancións, pezas humorísticas (*Humoresken*) e baladas -de novo- de *Des Knaben Wunderhorn* e que sitúan a Mahler nun lugar privilexiado na historia do lied. *Rheinlegendchen* (Pequena lenda do Rhin) foi composta en 1893 e goza de certo carácter bailable (*Tanzlied*). Pola súa parte, *Verlorne Müh!* (Traballo perdido!) estaría englobado no conxunto de pezas humorísticas. Orixinariamente escrito no dialecto suabo, móstranos a persistencia dunha moza ante as respostas secas e evasivas do rapaz que pretende. Este ambiente distendido volve levarnos a outro lied bailable, fresco e grácil: *Wer hat dies Liedlein erdacht?!* (Quen compuxo esta cancionciña?!).

A continuación emerxe unha partitura que está conectada co terceiro movemento da 3ª sinfonía, *Ablösung im Sommer* (Relevo en verán). Neste caso é unha fábula que incide no feito de que non debemos sufrir pola perda de alguén, xa que despois sempre nos acouga algo mellor. Un optimismo que bate coa desesperanzada despedida do

militar e da súa amada, *Wo die schönen Trompeten blasen* (Onde soan as belas trompetas).

Pero se hai un tema realmente conflitivo na historia vital de Mahler, foi a conversión do xudaísmo ao catolicismo cando contaba 37 anos de idade. Por un lado, está o colectivo que sostén que lle facilitaría o camiño para asumir o cargo de director da Ópera de Viena; por outro, mantense a versión de que realmente o fixo por convicción. Esta última será a que defenda a súa dona anos despois da morte do compositor. Sexa como fora, os derradeiros lieder son: en primeiro lugar, *Des Antonius von Padua Fischpredigt* (O sermón de San Antonio de Padua aos peixes). É un lied lento e estrófico que Mahler relaciona co momento no que estaba a dirixir en Hamburgo. Ao parecer, o compositor esmerábase meticulosamente na dirección deste teatro sen ver unha correspondencia acorde no público; establecendo un paralelismo con San Antonio que, tras atopar a igrexa valeira, decide ir ao río predicar ante uns

peixes totalmente indiferentes. E, finalmente, pechan dous lieder antagónicos: por un lado *Das irdische Leben* (A vida terreal), terriblemente dramático que versa sobre a miseria e a morte dun neno por fame; e na outra cara da moeda, *Das Himmlische Leben* (A vida celestial), que explica todo o organigrama loxístico da distribución das tarefas que os distintos santos desempeñan no ceo.

Todo un percorrido polos contrastes de atmosferas, pola versatilidade contraposta e a profundidade dun ser introspectivo, que deu en facerse a si mesmo, superando unha intransixente crítica e chegando a ocupar un lugar prominente como director («O meu obxectivo final é, e sempre será, Viena») pero tamén como compositor.

B. Cancela



Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

PRÓXIMOS CONCERTOS

Mércores 2 marzo, 20:30 h

ALMA ROMÁNTICA

CICLO DE PIANO ÁNGEL BRAGE

Judith Jáuregui, piano

R. Schumann: Andantino de Clara Wieck

Arabeske en Do maior, op. 18

J. Brahms: Seis pezas para piano, op. 118

R. Schumann: Variacións en Fa sostido sobre un tema de Robert Schumann, op. 20

F. Chopin: Balada núm. 1 en sol menor, op. 23

Andante Spianato et Grande

Polonaise brillante, op. 22

Xoves 10 marzo, 20:30 h

PRAGA-BOHEMIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Roberto Forés-Veses, director

W. A. Mozart: Abertura Don Giovanni, K527

B. Martinu: La Bagarre, H. 155

A. Dvorák: Sinfonía núm. 7 en re menor, op.70, B. 141

19:45 h

Sala Mozart

Conversando con...

Roberto Forés-Veses



**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

